



Estimadas familias:

Xa está chegando o Entroido e o Meco ven ao cole a darnos uns mandados. Lembrade que son acumulativos:

- CALADE TODOS, QUE O MECO FALOU E, PARA O LUNS 25 ESTE MANDADO DEIXOU: ALGO NA TÚA CABEZA O LUNS TI TRAERÁS. ELIXE O QUE TI QUEIRAS E BEN GUAPIÑO/A ESTARÁS.
- CALADE TODOS, QUE O MECO FALOU E, PARA MARTES 26 ESTE MANDADO DEIXOU: PARA SENTIRNOS MÁIS FERMOSES, COLARES, GARAVATAS, O QUE TI QUEIRAS NO PESCOZO.
- CALADE TODOS, QUE O MECO FALOU E PARA O MÉRCORES 27 ESTE MANDADO DEIXOU: BATA DE CASA HAS DE TRAER SE DA NOBREZA QUERES PARECER.
- CALADE TODOS, QUE O MECO FALOU E, PARA O XOVES 28 ESTE MANDATO DEIXOU: UN MANDIL TES QUE LEVAR, SAIBAS OU NON COCIÑAR.

O venres 1 de marzo, se o tempo o permite, o alumando fará un pasarrúas pola vila. (Saída ás 11h aproximadamente).

O desfile sairá pola Rúa Rosalía de Castro, pasando pola Avda. das Brañas, Avda. Castelao e entrando de novo ao centro polo patio de Suárez. Se chove, farase no pavillón do centro.

Asímesmo, queremos comunicarvos que foi **aprobado no Consello Escolar e autorizado pola Xefatura Territorial da Coruña a redución de xornada para dito día. A hora de saída para todo o alumnado, incluído os usuarios de comedor e transporte, será ás 13:30h (Educación Infantil a partir das 13:15h). Tampouco haberá servizo da biblioteca nin ludoteca. As clases retomaranse o xoves 7 de marzo.**

Tamén pedimos a vosa colaboración para que mandedes postres de entroido para merendar ese día despois do desfile, pero unha ración por neno/a, a merenda será na aula.

Prégase que non recollan aos nenos/as antes da hora da saída se non é por un motivo xustifico e avisando sempre antes á titora/titor e asinando no rexistro de saídas.

Agradecendo de antemán a súa colaboración,

Negreira, 22 de febreiro de 2019
A DIRECTORA
María Amparo Mera Fernández